Acta da Xunta de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo correspondente á sesión ordinaria que se celebrou o mércores día 21de maio de 2008 ás 10 h 05 na Sala de Xuntas do Edificio de Fundición coa asistencia das persoas que se indican a continuación:

Camilo Vázquez García (CIG); Aquilino S. Alonso Núñez (CIG); Luís Anido Rifón (CIG); Gloria M. Pena Uris (AGPTU); María Vera Isasa (AGPTU); J. Nicanor Alonso Álvarez (AGPTU); Generosa Fernández Manín (AGPTU); J. Enrique Ares Gómez (UXT); Manuel Ramos Cabrer (UXT); F. Javier García Núñez (UXT); Rafael Durán Barbosa (CCOO).

Desculpan a ausencia Xosé A. Vila Sobrino (CIG); Mercedes Suárez Pazos (CIG) ; X. Henrique Costas (CIG).
.

Os puntos da orde do día foron:

1. Aprobación, se procede, da acta da xuntanza anterior
Aprobouse por asentimento a acta da sesión anterior.

2. Informe
O Presidente informou sobre Docentia e sobre a entrevista mantida co Vicerreitor e coa Xerencia pola demora na contestación á nosas peticións de negociación. De Docentia dixo que o informaran de que estaba en fase de redacción e da entrevista dixo que propuxera que lle mandaran interlocutores e que así o fixeran estes días.
Con respecto a Docentia, acordouse solicita-lo borrador provisional para poder facer alegacións.
Con respecto ás negociacións, propúxose que os profesores Camilo Vázquez, Jose Santamaria, María Vera e Antón Vila convocasen unha reunión de cada comisión da que forman parte. Tamén se acordou que se lle comunicase á Reitoría que se convocase a primeira reunión de cada comisión nun prazo de vinte ou trinta días e que se solicitase a convocatoria do Comité de Seguridade e Saúde Laboral o máis pronto posible.

3. Gasto de Acción Social e da Xunta
O Presidente expuxo brevemente a situación actual do Gasto de Acción Social e solicitou que se tomase un acordo sobre se seguir xuntos co PAS ou non. Acordouse solicita-lo orzamento de Acción Social, pedir que se convoque o Comité de Acción Social para redefini-los membros do grupo, pedir que o orzamento de Acción Social sexa a porcentaxe que corresponde por lei, solicitar cál é o ámbito de aplicación da partida orzamentaria de Acción Social e notificarlle ó Comité de Empresa que queremos contar coa súa colaboración.
O profesor Ares solicitou que se fixese un escrito e que este se mandase, xunto coa contestación, a cada grupo sindical. Igualmente, solicitou que se establecese este funcionamento sempre. O Presidente contestoulle que isto nunca se fixera ata o de agora pero que lle parecía ben informar ós grupos.
Con respecto ó Gasto da Xunta de PDI, o presidente explicou que había un diñeiro para axudas de custo nos desprazamentos dende outros campus e un remanente que se repartía por grupos. Ó Presidente pareceulle máis adecuado repartir en función do número de membros e, por outra parte, considerou que non se debían paga-los gastos de interese sindical de cada central.

A Xunta de PDI asumiu que non se podían gasta-los cartos do Gasto da Xunta para outra cousa que non fosen Axudas de Custo como propuña a profesora Generosa Fernández. O profesor Ares reivindicou un mínimo de libre designación para cada central sindical. A profesora Gloria Pena e o profesor Nicanor Alonso expresaron que a postura da seu sindicato non coincidía coa do profesor Enrique Ares e pediron unha partida especial para o funcionamento da Xunta prorrateada en función do número de membros. O profesor Enrique Ares dixo que habería que cambia-lo regulamento para que non se puidese dispor libremente do diñeiro de libre designación de cada sindicato.
O Presidente, partindo de que o prioritario era o uso común do diñeiro, propuxo que o diñeiro se repartise en función do número de delegados e que se respectase o mínimo de libre designación ata onde fose respectable e cumprise co requisito de dar publicidade á viaxe que se quería facer para que así se puidesen anotar outros membros.
Non se chegou a ningún acordo sobre o Gasto da Xunta de PDI.

4. Rogos e preguntas

A profesora Generosa Fernández solicitoulle ó Presidente que obtivese información sobre se as enquisas estaban sendo tidas en conta para os quinquenios dos PDI-L. Tamén lle solicitou esta profesora ó Presidente que se pedisen as actas anteriores das Xuntas de PDI para mira-lo acordo da repartición de gasto á que fixo referencia o profesor Enrique Ares.
O profesor J. Enrique Ares rogou que se pedise información sobre os expedientes disciplinarios abertos ó PDI, como mínimo, nos dez últimos anos e que se preguntase cál foi a resolución deles. Este profesor tamén rogou que se preguntase qué estaba facendo a universidade para detectar e erradicar casos de *mobbing*.
E sen máis asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 12 horas 54 minutos.

Vigo, 21 de maio de 2008

O Secretario — O Presidente

Asdo. Aquilino Alonso — Asdo. Camilo Vázquez